

## RECOMENDACIONES

- ▶ O neno/a non terá que inxerir ningún alimento nin bebida dende 6 horas antes do horario previsto para a intervención. A última comida debe ser lixera e sen graxas.
- ▶ O tempo de xaxún pode variar segundo a idade do neno/a e enfermidade de base, e pode necesitar sueroterapia dende o inicio do xaxún. Se a súa intervención se atrasase, non tomará nada sen o coñecemento da súa enfermeira/o encargada/o de planta.
- ▶ É necesario informar da presenza de cadros catarrais, febre, tose e moco nos días previos ou no momento actual, xa que se poden asociar a problemas respiratorios serios durante a anestesia e cirurxía. Segundo cada caso, poderíase recomendar incluso a suspensión do procedemento.
- ▶ Siga as indicacións do/a médico/a anestesiólogo/a ou do seu médico/a responsable en canto ás medicacións que tome de forma crónica (confirmeo coa/o enfermeira/o ao seu ingreso).
- ▶ O neno/a pasará a quirófano sen aneis, medallas, cadeas, reloxo, pendentes, piercings, etc. Se é o caso, pode levar o chupete ou un pequeno xoguete.
- ▶ Non deixe obxectos de valor na habitación
- ▶ Ao terminar a intervención, o neno/a permanecerá un tempo variable na Sala de recuperación ou na UCIP, ata que estea en condicións de subir a planta. Colabore alí co que lle recomende o persoal médico e de enfermería, e da información da súa estancia na sala xunto ao neno/a.

**POR FAVOR, CONSULTE O QUE NON  
COMPRENDA**

**Grazas pola súa colaboración**

Coa presente folia informativa, poñemos no seu coñecemento que a inclusión do neno/a no parte de quirófano significa a libre aceptación do risco común a todo acto anestésico cirúrxico, do cal ten dereito a ser informado polo cirurxián/a e o anestesiólogo/a.

Na Consulta de Anestesia, o/a médico/a anestesiólogo/a fará a valoración e exploración necesaria, informarlle sobre a anestesia, e daralle a asinar o consentimento específico para a anestesia segundo a normativa vixente, quedándose vostede cunha copia do mesmo, onde se reflicte a descrición dos diferentes tipos de anestesia e os seus posibles efectos e complicacións máis frecuentes.

O seu equipo médico agradece de antemán a súa total colaboración



Área Sanitaria da Coruña e Cee



**Información**  
importante para vostede

Lea atentamente  
Grazas



**SERVIZO DE  
ANESTESIOLOXÍA,  
REANIMACIÓN E DOR**

Consulta de preanestesia

**PEDIÁTRICA**



- ▶ Coa información que lle facilitamos e as indicacións do noso equipo asistencial, pretendemos que o neno/a poida acudir a quirófano con tranquilidade, sen temor á anestesia e disposto a colaborar connosco.



Área Sanitaria da Coruña e Cee

## Que imos facer?

A anestesiología é a especialidade da medicina que permite aos pacientes ser operados sen dor. No caso dos nenos/as, debido á falta de colaboración e para mellorar o seu confort, precisase tamén anestésialos para a realización de probas ou procedementos diagnósticos.

Hai varios tipos de anestesia: xeral, sedación, rexional e local.

Na anestesia xeral/sedación atoparase nunha situación semellante ao sono, e na rexional e local só estará durmida a zona para intervir. Nos nenos/as moi a miúdo combínanse ambas técnicas, xeral e rexional. No caso de ser posible ambos tipos de anestesia, e tras valorar os antecedentes, características do paciente e procedemento a realizar, o/a médico/a anestesiólogo/a recomendaralle o método máis axeitado e de menor risco para o seu fillo/a.

Na consulta do/a médico/a especialista solicitaranlle os folios para a realización das probas preoperatorias no caso de ser necesarias (segundo os protocolos vixentes) e a interconsulta para solicitar a cita no Servizo de Anestesia, onde será valorado, explorado e informado, así como para a firma do seu consentimento.

Antes de acudir á cita da consulta de anestesia, uns días antes, no seu centro de saúde correspondente, terá que realizar as probas preoperatorias que lle solicitaran. O neno/a deberá acudir fisicamente á consulta acompañado dos seus pais ou titores legais.

## Quen vai coidar do neno/a durante a anestesia?

O/a médico/a anestesiólogo/a é o encargado de realizar o procedemento anestésico desde o inicio ata o seu fin, así como do estrito control das constantes vitais e de tratar as posibles complicacións que poidesen xurdir durante o mesmo.

## Existe algún risco?

Toda intervención ten un risco no que podemos distinguir: o derivado do tipo de cirurxía do cal lle informará o/a cirurxián/a, e o risco anestésico.

A anestesia utilizada actualmente é moi segura. Non obstante, polas súas condicións físicas, enfermidades previas ou actuais e outros factores, dicimos que cada paciente ten un risco diferente. O/a médico/a anestesiólogo/a comentará con vostede na consulta, os detalles do tipo de anestesia, efectos, duración, etc, así como o risco particular no seu caso.



## Que vai pasar en quirófano?

Na maioría dos casos, canalizarase unha vía periférica en planta, previa colocación de crema anestésica na zona para evitar no posible a dor da picada.

Antes de entrar en quirófano, sempre que sexa posible, pódese administrar un sedante para diminuír a ansiedade do neno/a.

No caso de non dispoñer de vía periférica, a anestesia administrarase en quirófano a través de máscara facial para a canalización da vía e colocación dun goteiro. Segundo o tipo de intervención ou procedemento, pódese precisar a colocación dunha máscara especial na farinxe ou a introdución dun tubo na tráquea para controlar a respiración.

En ocasións, segundo o risco e tipo de intervención, necesítanse introducir catéters en vasos sanguíneos de maior calibre para a medición de presións e/ou infundir fármacos, líquidos ou sangue.

Durante a intervención cirúrxica, por vía telemática, poderían ser informados, se vostede o desexa da finalización do proceso e a súa chegada á Unidade de recuperación (**Programa Lembra**).

## Canto vai durar?

Vai depender da duración do procedemento para o que se requira (cirurxía, exploración, tratamento...)